

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DA MERCA

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIO/A DE LIMPEZA E UNHA BOLSA DE EMPREGO DE PEÓN/PEOA DE OBRAS

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 2024-0182, do 10 de abril, aprobáronse as Bases que rexen a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de operario/a de limpeza mediante concurso de méritos con entrevista, e a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de peóns/peoas de obras para posibles substitucións por motivo de vacantes, substitucións transitorias de baixas, licenzas regulamentarias, execución de programas de carácter temporal, exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de nove meses etc. (non se inclúen as contratacións subvencionadas por outras AA.PP.), mediante o sistema de concurso de méritos con entrevista, cunha vixencia de tres anos desde o día seguinte á súa aprobación.

Os/as interesados/as poderán presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera dos medios que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 16, no prazo de dez (10) días hábiles, que contarán desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O texto íntegro das bases reguladoras da convocatoria está publicado no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal (www.amerca.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Merca (<https://amerca.sedelectronica.gal>)

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan, de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste concello e no taboleiro de anuncios.

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao de publicarse o presente anuncio, ante a Alcaldía deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse o presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interporse o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

A Merca, 10 de abril de 2024. O alcalde.

Asdo.: José Manuel Garrido Sampedro.

R. 937